

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS NO
CONCELLO DE CULLEREDO PARA O ANO 2023**

BASE 1.- Obxecto e finalidade da convocatoria.

1.1.- Convócase a concesión de subvencions en réxime de concorrencia competitiva, por parte do Concello de Culleredo ás entidades deportivas do Concello, ao amparo da Ordenanza xeral de subvencions do Concello de Culleredo, publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia número 219 do 9 de outubro de 2009.

1.2.- O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de iniciativas deportivas coa finalidade de apoiar ás entidades sen fins de lucro na realización de actividades deste tipo.

1.3. O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade e protección ao medio ambiente.

BASE 2.- Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

2.1.A concesión das subvencions imputarase á seguinte aplicación: 341 489 00

2.2. As achegas concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, a condición de que o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo da actividade ou investimento subvencionado.

2.3. En ningún caso o importe máximo destas subvencions poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencions, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2.4. Liñas de subvención.

LIÑA 1	PROMOCIÓN DO DEPORTE NO ÁMBITO ESTATAL
Importe máximo de subvención por axuda concedida a cada beneficiaria	40.000,00 €

LIÑA 2	PARA ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS AGÁS CLUBS DE FÚTBOL (CAMPO)
Importe máximo da liña de subvención	70.000,00 €
Importe máximo por entidade e/ou club	7.000,00 €

LIÑA 3	PARA CLUBS DE FÚTBOL (CAMPO)
Importe máximo da liña de subvención	50.000,00 €
Importe máximo por club	20.000,00 €

BASE 3.- Requisitos dos beneficiarias.

3.1. Poderán ser beneficiarias das subvencións ao amparo das presentes bases as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no momento da solicitude.
- c) Carecer de fins de lucro.
- d) Desenvolver as súas actividades organizativas dentro do termo municipal de Culleredo.
- d) Ter domicilio social en Culleredo. Terase en conta para determinar o domicilio social o que figure nos estatutos.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Estar ao corrente dos seus deberes coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Culleredo.
- g) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, reintegrar o importe non xustificado.
- h) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

3.2. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos f) e g) será emendable antes da concesión, previo requirimento para o efecto.

BASE 4.- Solicitudes.

4.1 Lugar e prazo de presentación.

As solicitudes deberán presentarse a través da Sede electrónica nos modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria. O prazo para a solicitude será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.2 Documentación.

a) Solicitude, segundo o modelo que se acompaña no anexo I, asinada polo/a presidente/a ou quen teña conferida a delegación.

b) Fotocopia do DNI do solicitante no caso das persoas físicas ou CIF no suposto de persoas xurídicas. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención deberá ser asinada por todos os membros da agrupación acompañada dunha fotocopia do DNI de cada un dos membros, nomeando un representante, que asumirá ante o Concello os deberes previstos nas presentes bases. Os membros da agrupación responderán solidariamente fronte ao Concello das obrigas sinaladas nas presentes bases e na Lei 38/2003 de subvencións durante o tempo que establezan os seus artigos 39 e 65.

c) No caso de persoas xurídicas, copia dos seus estatutos, así como declaración dos seus cargos actualizada á data de solicitude da subvención.

d) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as axudas que teña solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas (Anexo II).

e) Certificación da representación e número de persoas socias (Anexo III).

f) Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de presentación da solicitude (Anexo IV).

g) Compromiso de facer constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada polo Concello de Culleredo (Anexo IV).

h) Programa detallado da actividade ou servizo para o que se solicita a subvención, especificando a súa denominación, data, lugar de realización, obxectivos e fins a que se destinarán os fondos, número de persoas ás que se dirixe e medios humanos e materiais que se van utilizar. Así como toda a documentación que se considere necesaria para motivar as valoracións segundo os criterios especificados en cada caso.

i) Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión do financiamento previsto por partidas co suficiente grao de detalle que permita comprobar que todos os conceptos de gastos son subvencionables.

j) Certificación do número de conta corrente da Asociación ou do beneficiario na que se procederá ao ingreso da subvención

4.3 Autorizacións.

A presentación da solicitude de concesión de subvención pola interesada comportará a autorización ao órgano instrutor para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nos deberes tributarios e coa Seguridade Social. No caso de que non se desexe dar esa autorización, deberá sinalarse expresamente, e achegar os correspondentes certificados.

4.4 A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información para efectos da concesión de subvencións.

4.5 Emenda.

Se a solicitude non reúne toda a documentación necesaria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

BASE 5.- Concesión.

5.1 A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

5.2 As subvencións serán concedidas por acordo da Alcaldía ou órgano en quen delegue, por proposta do órgano instrutor, que será unha comisión coa composición que se detalla na base 13.

5.3 O acordo deberá adoptarse no prazo de seis meses desde a finalización do prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpoñer os recursos que correspondan.

5.4 Unha vez que finalice o prazo de solicitudes, o órgano instrutor efectuará a avaliación das mesmas e poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

5.5 Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará á Alcaldía ou órgano en quen delegue para a súa aprobación.

5.6 A concesión será publicada na Sede electrónica.

5.7 Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

BASE 6.- Gastos subvencionables:

6.1. Ás beneficiarias das liñas de actuación 1 e 2 - “Promoción do deporte no ámbito estatal” e “Promoción do deporte no ámbito local, provincial e autonómico” da convocatoria de subvencións publicada no BOP nº 166 de data 1 de setembro de 2021 poderán serlles subvencionadas as actividades e gastos correntes que se tivesen realizado entre o 2 de setembro de 2021 e o 31 de decembro de 2023, e que se detallan no punto 4 desta base.

6.2. Ás beneficiarias da liña 4 - “Promoción do deporte”- da convocatoria de subvencións

publicada no BOP nº 244 de data 27 de decembro de 2022 poderán serlles subvencionadas as actividades e gastos correntes que se tivesen realizado entre o 28 de decembro de 2022 e o 31 de decembro de 2023, e que se detallan no punto 4 desta base.

6.3. Para ás entidades que non se atopan nos supostos anteriores poderán serlles subvencionadas as actividades e gastos correntes que se tivesen realizado entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, e que se detallan no punto 4 desta base.

6.4. Poderán ser subvencionadas as seguintes actividades ou gastos:

1. Organización de actividades deportivas: escolas, cursos, competicións, campus deportivos etc., así como participación dos seus equipos ou deportistas en competicións oficiais.
2. Serán gastos subvencionables os seguintes:
 - Custos de monitorado e adestradores/as das actividades ou cursos.
 - Licenzas federativas.
 - Mutualidades.
 - Inscricións en competicións oficiais.
 - Arbitraxes.
 - Transporte para asistir a competicións ou actividades.
 - Mantemento e aloxamento para asistir a competicións.
 - Material deportivo non inventariable.
 - Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
 - Material funxible empregado no desenvolvemento das actividades.
 - Gastos publicitarios.
 - Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
3. Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables os derivados da organización de comidas, eventos gastronómicos, luz, auga, teléfono, adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo, mantemento dos locais, como os gastos de limpeza, ou

outros asimilables, os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargas e sancións administrativas e/ou deportivas e os gastos de procedementos xudiciais.

BASE 7.- Deberes das beneficiarias.

Ademais dos deberes que se detallan na Ordenanza municipal reguladora destas axudas, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:

1. Aceptar a subvención. No caso de que as beneficiarias non comuniquen ao Concello a súa renuncia no prazo máximo de dez días a partir da notificación do outorgamento, entenderase que aceptan a subvención.
2. Facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Culleredo:
 - a) En todo caso, nos carteis, páxinas web ou outros medios que se utilicen, deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Culleredo xunto co anagrama deste e ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada polo Concello de Culleredo”. Así mesmo as entidades que teñan páxina web deberán publicitar na mesma a concesión da subvención e o seu importe no momento que o coñezan.
 - b) No caso de que non se fixese publicidade impresa, nin se empreguen medios informáticos para publicitar as actividades, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. A maneira de acreditar o cumprimento do deber, neste caso, será mediante unha certificación do/a secretario/a da entidade, co visto e praxe do/a presidente/a, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.
3. As beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
4. Ao mesmo tempo, deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control no seguintes catro anos.

5. As beneficiarias poderán subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada. No caso de que a entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano concedente.

6. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

BASE 8. Xustificación.

8.1.O prazo para a presentación da xustificación finalizará o 1 de marzo de 2024.

8.2.As xustificacións deben presentarse a través da Sede electrónica ou o Rexistro xeral do Concello de Culleredo.

8.3. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

8.4. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Por tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

8.5. No caso de non atoparse ao corrente nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social, e de que xustificase o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pago se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

8.6 Documentos que deberán achegarse á conta xustificativa:

a) Anexo 5.- Modelo de xustificación.

- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Declaración de cumprimento de fins.

- Declaración de ingresos. Relación detallada de todas as subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e orixe, ou declaración responsable de non obter ningunha, se é o caso. Se as subvencións solicitadas estivesen pendentes de resolución no momento de presentación da xustificación ante o Concello, as entidades deberán achegar este dato no momento que o coñezan, aínda que sexa posterior á xustificación da axuda.
- No seu caso, os ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou outros ingresos afectados á mesma. Especialmente, no caso de que fosen subvencionados gastos de adquisición de bens destinados á venda (por exemplo, equipacións que deban pagar os deportistas), deberá facerse constar expresamente o ingreso obtido pola devandita venda.

b) Anexo 6.- Certificación de gastos e acreditación da publicidade feita.

Deberá achegarse a documentación oportuna acreditativa de que as actividades subvencionadas foron publicitadas de acordo co disposto nesta convocatoria.

c) Facturas orixinais de gasto ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

As retribucións a persoal técnico e de monitores que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas.

Os gastos correspondentes a voluntariado, conferenciantes ou monitores/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso etc., poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta. Só se admitirán cando reflecta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE/IVE, no seu caso.

8.7. Todos os documentos descritos deberán ter data do ano 2021, 2022 e 2023 e deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa reguladora do IVE ou IRPF e de expedición de facturas.

8.8. No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse, no lugar das facturas coas que se xustificaron as subvencións, certificación da administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados, así como o período ao que se refiren os gastos.

8.9. Xustificación do pago dos gastos subvencionados:

a) Deberán achegarse os seguintes documentos para xustificar o efectivo pago dos gastos xustificandos:

- No caso de pagos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
- No caso de pagos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
- No caso de pagos con tarxeta de crédito: xustificante do pago mais extracto da conta da entidade onde se efectuou o cargo.

b) Nos supostos nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente poderán realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.

BASE 9.- Incumprimento das condicións.

9.1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na Ordenanza reguladora das subvencións do Concello de Culleredo.

9.2. Unha vez que transcorra o prazo de xustificación sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional supoñerá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades de conformidade coa Lei xeral de subvencións.

9.3. No caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custo das actividades, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.

BASE 10.- Pago.

Pago anticipado: O pagamento das subvencións poderá ser con carácter anticipado, previa solicitude desta opción por parte do beneficiario da subvención no anexo de solicitude. O pago anticipado das subvencións supón unha entrega de fondos previa do seguinte xeito:

- Unha vez publicada a resolución da concesión da subvención e sendo esta aceptada polo beneficiario realizarase un pago anticipado do 80 % do importe.
- Unha vez xustificada debidamente a subvención aboarase o 20 % restante.

BASE 11.- Protección de datos de carácter persoal.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e deberes contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenvolto na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

BASE 12.- Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerase, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Culleredo; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos preceptos que constitúen a lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, aplicaranse as normas de dereito privado.

BASE 13.- Órgano instructor e de avaliación.

13.1.- Será órgano de instrución o/a funcionario/a xefe/a do servizo de Deportes e no seu defecto, o/a funcionario/a do mencionado servizo que designe a Concellaría á que estea adscrito funcionalmente o servizo.

13.2.- Será órgano de avaliación:

- PRESIDENTA: D^a Cristina Pardo Portos
- VOGAIS: dous auxiliares administrativos municipais e un representante da Intervención municipal
- SECRETARIA: un ou unha funcionario/a do Concello.

BASE 14.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

14.1 PARA ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS AGÁS CLUBS DE FÚTBOL (CAMPO).

Valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 120 puntos.

1 Número de licenzas federativas no caso dos clubs ou do número de socios no caso das entidades deportivas. Unicamente serán computables aquelas licenzas ou socios dados de alta no periodo comprendido entre o día 1 de xaneiro do 2023 ata o 30 de xuño de 2023. Ata 25 puntos. Valoraranse de acordo co seguinte baremo:

Clubs deportivos.

- por cada licenza federativa de categoría base – 0,15 puntos
- por cada licenza federativa de categoría absoluta ou veteranos– 0,10 puntos

Entidades deportivas.

- por cada socio/a – 0,08

2 Interese da actividades para o sistema deportivo do municipio. 20 puntos

Valorarase o interese da actividade para o sistema deportivo municipal local, tendo en conta as necesidades e finalidades que o Concello de Culleredo considera positivas para o propio sistema deportivo.

- 3 Máximo nivel de competición do club. 10 puntos.
Valorarase a participación en competicións oficiais co seguinte baremo:
- estatal: 10 puntos
 - autonómico: 6 puntos
 - provincial: 3 puntos
 - zonal/comarcal: 1 punto
- 4 Traxectoria da entidade ou club deportivo dentro do seu campo de actividade . ata 10 puntos.
Valoraranse os anos de actividade continuada.
- ata os 5 anos – 1 punto
 - de 5 a 10 anos - 4 puntos
 - de 10 a 15 anos – 6 puntos
 - de 15 a 20 anos – 8 puntos
 - 20 anos ou máis – 10 puntos
- 5 Autofinanciamento da actividade. 10 puntos
- 6 Utilización do galego. Ata 10 puntos. Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite.
- 7 Actividades propias do ámbito deportivo que realiza cada unha das entidades ou clubs e que teñen una incidencia no ámbito da aplicación (número de participantes). Ata 20 puntos.
- Ata 25 participantes. 5 puntos
 - de 26 a 50 participantes. 10 puntos
 - de 51 a 100 participantes. 15 puntos
 - a partir de 101 participantes. 20 puntos
- 8 Valorarase cun máximo de 15 puntos a aqueles clubs ou entidades que utilicen a súa práctica ou actividades deportivas como vía de integración social realizando actividades ou colaborando con asociacións do Concello de Culleredo.

14.2.- SUBVENCIONES PARA CLUBS DE FUTBOL (CAMPO)

1. Número de fichas ou licenzas. Unicamente serán computables aquelas licenzas dadas de alta no periodo comprendido entre o día 1 de xaneiro do 2023 ata o 30 de xuño de 2023
Valoraranse de acordo co seguinte baremo:
 - por cada licenza de categoría base – 0,15 puntos
 - por cada licenza de categoría absoluta ou veteranos – 0,10 puntos

2. Número de categorías das que dispoña cada un dos equipos. Serán computables aquelas categorías que estiveran inscritas no período do 1 de xaneiro de 2023 ao 30 de xuño de 2023. Valoraranse co seguinte baremo:
 - Feminina (categoría sénior) – 2.5 puntos
 - Feminina (demais categorías) – 1 punto
 - Primeira autonómica ou máis categoría – 2,5 puntos
 - Segunda autonómica – 2 puntos
 - Terceira autonómica – 1,5 puntos
 - Veteranos - 0,5 puntos
 - Xuvenil – 1 punto
 - Cadetes – 0,5 puntos
 - Infantil – 0,5 puntos
 - Alevín – 0,5 puntos
 - Benxamín – 0,5 puntos
 - Prebenxamín – 0,5 puntos
 - Biberón – 0,5 puntos

3. Actividades propias do ámbito deportivo que realiza cada unha das entidades ou clubs e que teñen una incidencia no ámbito da aplicación (número de participantes). Ata 20 puntos.
 - Ata 25 participantes. 5 puntos
 - de 26 a 50 participantes. 10 puntos
 - de 51 a 100 participantes. 15 puntos
 - a partir de 101 participantes. 20 puntos

4. Valorarase cun máximo de 15 puntos a aqueles clubs ou entidades que utilicen a súa práctica ou actividades deportivas como vía de integración social realizando actividades ou colaborando con asociacións do Concello de Culleredo.

- 5 Utilización do galego. Ata 10 puntos. Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente e poderá graduarse a puntuación que se outorgue en función do nivel de uso que se acredite.

No caso de que algún club non chegase a sumar un total de 40 puntos poderá optar a recibir un importe mínimo de 2500 €.

14.3.- SUBVENCIONES PARA CLUBS CON EQUIPOS EN COMPETICIONES ESTATAIS

Valorarase as solicitudes de acordo cos seguintes criterios. Ata un máximo de 50 puntos:

1- Número de fichas ou licenzas. Unicamente serán computables aquelas licenzas dadas de alta no período comprendido entre o día 1 de xaneiro do 2023 ata o 30 de xuño de 2023 Ata 20 puntos.

Valorarase de acordo co seguinte baremo:

- ata 50 licenzas. 5 puntos
- de 51 a 100 licenzas. 10 puntos
- de 101 a 150 licenzas. 15 puntos
- 151 licenzas ou máis. 20 puntos

2- Número de categorías. Serán computables aquelas categorías que estiveran inscritas no período do 1 de xaneiro de 2023 ao 30 de xuño de 2023. Ata 20 puntos. Valorarase o número de categorías con actividades competitiva federada que ten cada club, tendo en conta como referencia o número total de categorías que ten cada federación deportiva á que pertence:

- o club que inscriba en competición ao 100 % das categorías. 20 puntos
- Entre o 80 % e o 99 % das categorías. 15 puntos
- entre o 60 % e o 79 % das categorías. 12 puntos
- entre o 40 % e o 59 % das categorías. 9 puntos.
- entre o 20 % e o 49 % das actegorías. 6 puntos
- entre o 10 % e o 19 % das categorías. 3 puntos
- menos do 10 % das categorías. 0 puntos

3- Número de fichas ou licenzas de categorías femininas. Ata 10 puntos. Valorarase de acordo co seguinte baremo:

- ata 25 licenzas. 2,5 puntos

- de 26 a 50 licenzas. 5 puntos
- de 51 a 75 licenzas. 7,5 puntos
- 76 licenzas ou máis. 10 puntos